

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 2 DE FEBREIRO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:08 horas do día 2 de febreiro de 2012, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, réunese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Paineiras, don Iván Puentes Rivera, don Antonio Luis Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, don José Antonio López Rodríguez, dona María Carmen Silvar Canosa, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá (que se incorpora á sesión no momento que se expresa) e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario:

Don Jesús Tallón García.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveiras.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión extraordinaria celebrada en data 15 de novembro de 2011, da sesión extraordinaria urxente celebrada en data 28 de novembro de 2011, da sesión ordinaria celebrada en data 1 de decembro de 2011 e da sesión ordinaria celebrada en data 5 de xaneiro de 2012.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o sr. alcalde-presidente pregunta se existe algunha obxección ou observación sobre a acta da sesión extraordinaria celebradas en data 15 de novembro de 2011, da sesión extraordinaria urxente celebrada en data 28 de novembro de 2011 e das sesións ordinarias celebradas en datas 1 de decembro de 2011 e 5 de xaneiro de 2012, previamente remitidas coa convocatoria.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Juventino José Trigo Rey, quen unha vez concedido, manifesta que na acta da sesión extraordinaria de 15 de novembro de 2011, na súa páxina 36 onde di: “e catro abstencións, (dos/as Sres/as Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo e Martínez Ardá) (.../...)”, debe dicir “e cinco abstencións, (dos/as Sres/as Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo e Martínez Ardá) (.../...)”.

Prosegue o concelleiro Juventino José Trigo Rey dicindo que na acta da sesión extraordinaria de 28 de novembro de 2011, na súa páxina 27 onde di: “A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta roga que o grupo municipal do PP lea as actas (.../...)” debe dicir “A continuación pide o uso da palabra o

concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta roga que o grupo municipal do PP lea as actas (.../...)"

Neste momento se incorpora á sesión o concelleiro Justo Martínez Ardá.

Ao non realizarse ningunha outra obxeccións ou observacións sobre as actas, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

Aprobar as actas da sesión extraordinaria celebrada en data 15 de novembro de 2011, da sesión extraordinaria urxente celebrada en data 28 de novembro de 2011 e da sesión ordinaria celebrada en data 1 de decembro de 2011 e da sesión ordinaria celebrada en data 5 de xaneiro de 2012, coas correccións dos seguintes erros:

Na acta da sesión extraordinaria de 15 de novembro de 2011, na súa páxina 36 onde di: "e catro abstencións, (dos/as Sres/as Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo e Martínez Ardá) (.../...)", debe dicir "e cinco abstencións, (dos/as Sres/as Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo e Martínez Ardá) (.../...)"

Na acta da sesión extraordinaria de 28 de novembro de 2011, na súa páxina 27 onde di: "A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta roga que o grupo municipal do PP lea as actas (.../...)" debe dicir "A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta roga que o grupo municipal do PP lea as actas (.../...)"

2. Aprobación, se procede, do convenio de adhesión á Axencia de protección da legalidade urbanística.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras de data 24 de xaneiro de 2012, que copiado literalmente di:

"1º Aprobar o Convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e polo tanto integrar ao Concello de Fene neste ente público consorcial, segundo se establece no artigo 226.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, facultando expresamente ao alcalde para que proceda a súa sinatura en representación do Concello de Fene:

CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

En Santiago de Compostela, a ... de de dous mil

INTERVEÑEN:

Dunha parte, don Gumersindo Pedro Galego Feal, alcalde do Concello de Fene, provincia de A Coruña, en representación do concello, de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra parte, dona María Martínez Allegue, directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, en representación do ente público, de conformidade co disposto no artigo 18 dos Estatutos aprobados polo Decreto 213/2007, de 31 de outubro.

EXPOÑEN:

1º.- A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, no seu artigo 226, establece que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Así mesmo, establece que son membros da Axencia a Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela. A incorporación dos municipios realizarase a través do correspondente convenio de adhesión, que deberá obter a previa aprobación do Pleno da Corporación e do Consello da Xunta de Galicia e será publicado no Diario Oficial de Galicia.

Os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística foron aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de outubro, e publicados no Diario Oficial de Galicia núm. 222, de 16 de novembro.

2º.- O Concello de Fene ten atribuídas competencias en materia de disciplina urbanística, en virtude do disposto no artigo 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 209 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 10, determina que a Administración local e as demais Administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos e que procederá á coordinación das competencias das entidades locais entre si e, especialmente, coas das restantes Administracións públicas, cando as actividades ou os servizos locais transcendan o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os das devanditas Administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas.

O texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, no seu artigo 69, establece que as competencias compartidas ou concorrentes poderán ser exercidas conxuntamente pola Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma e a Local, mediante a constitución de entes instrumentais de carácter público ou privado.

3º.- En virtude do establecido nos artigos 222.2 e 226 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a Axencia exercerá as competencias que lle sexan delegadas polos concellos consorciados.

Neste senso, o artigo 9 dos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de outubro, dispón que a adhesión necesariamente producirá a atribución á Axencia das competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que correspondan ao municipio integrado voluntariamente na Axencia, nos supostos que determinan os artigos 209, 210 e 211 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, segundo se estableza no convenio de adhesión.

4º.- Este convenio de adhesión obtivo a previa aprobación do Pleno da Corporación municipal de Fene en sesión que tivo lugar en data .. de ... de, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade co disposto no 226.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e no artigo 215.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Así mesmo, obtivo a aprobación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de data ... de de, de conformidade co disposto no artigo 226.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Os intervenientes recoñecen mutua capacidade para o outorgamento do presente convenio de adhesión, de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Incorporación á Axencia

O Concello de Fene, Provincia de A Coruña, incorpórase e adhiérese como membro da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, asumindo os dereitos e obrigacións que disto derivan, de conformidade co estipulado no presente convenio de adhesión e o establecido nos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de outubro, e na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Segunda.- Delegación de competencias

1.- O Concello de Fene, delega na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística establecidas nos artigos 209, 210, 211 e 222 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunha das seguintes clases de solo:

Solo rústico ou non urbanizable en calquera das súas categorías (artigos 15 e 32 e disposición transitoria primeira, apartado 1.f), da Lei 9/2002).

Solo urbanizable ou apto para urbanizar, mentres non sexa aprobado o correspondente planeamento de desenvolvemento (artigo 14 e disposición transitoria primeira, apartado 1.d), da Lei 9/2002).

E núcleos rurais delimitados no planeamento urbanístico municipal (artigo 13 e disposición transitoria primeira, apartado 1.e), da Lei 9/2002).

A Axencia exercerá efectivamente estas competencias desde o día seguinte ao da publicación do convenio no Diario Oficial de Galicia.

2.- Nesta delegación de competencias non está incluída a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello.

3.- A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados pola Axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderalle ao concello.

Para resolver o recurso deberá solicitarse informe da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Cando se reciba o escrito de interposición de recurso na Axencia, esta deberá

remitirillo ao concello co seu informe e unha copia completa e ordenada do expediente administrativo.

4.- A delegación de competencias poderá ser revogada en calquera momento polo Pleno da Corporación, coa maioría esixida no artigo 215.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia. A revogación será efectiva unha vez comunicada á dirección da Axencia e publicada no Diario Oficial de Galicia.

Terceira.- Contribución ao sostemento da Axencia

1.- O Concello de Fene contribuirá ao sostemento da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística coas seguintes achegas económicas:

a) o 50% do produto das multas coercitivas impostas pola Axencia para a execución das ordes de reposición da legalidade ditadas no exercicio das competencias delegadas polo Concello;

b) e o 50% do importe das sancións impostas pola Axencia aos responsables de infraccións urbanísticas, en exercicio das competencias delegadas polo Concello.

c) a cantidade anual de 50 euros por cada núcleo rural que será transferida polo concello á conta xeral da axencia antes de enviar ao Diario Oficial de Galicia o anuncio de publicación do convenio.

2.- O importe das multas coercitivas e das sancións impostas pola Axencia en exercicio de competencias delegadas polo concello serán ingresadas polos suxeitos obrigados directamente na conta xeral da Axencia. No suposto de que non sexan aboadas en período voluntario, a Axencia solicitará da Consellería de Facenda o seu cobro pola vía de constrinximento.

Ao finalizar cada exercicio anual, a Axencia transferirá ao Concello de Fene unha cantidade equivalente ao 50% dos ingresos percibidos polas sancións impostas en exercicio das competencias delegadas.

Cuarta.- Obrigacións asumidas polo Concello

O Concello de Fene asume as seguintes obrigacións:

- prestar a cooperación e asistencia activa que a Axencia lle solicite para o eficaz exercicio das súas competencias;
- facilitar ao persoal da Axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións;
- prestar o auxilio da policía local para facilitar as inspeccións, executar as ordes de precinto de obras e identificar aos responsables de posibles infraccións;
- absterse de outorgar licenzas urbanísticas que impliquen a legalización de obras e usos do solo respecto dos que a Axencia ordenase a súa demolición, cesamento ou restauración da realidade física alterada;

- solicitar informe da Axencia previamente á resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas polo Concello;
- contribuír ao sostemento económico da Axencia nos termos establecidos no presente convenio de adhesión;
- e respectar as estipulacións do presente convenio e o establecido nos estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de outubro.

Quinta.- Programa de incorporación

A incorporación do concello á Axencia será efectiva desde o día seguinte ao de publicación deste convenio no Diario Oficial de Galicia.

Os expedientes relativos ás obras en execución nas materias que son obxecto de delegación deberán ser remitidos á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no prazo dun mes desde a data de entrada en vigor deste convenio.

Sexta.- Prazo de vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e o seu prazo de vixencia será indefinido.

A resolución do presente convenio producirase no suposto de que o Concello de Fene perda a condición de membro da Axencia por calquera das causas que se establecen no artigo 12 dos estatutos da Axencia e cos efectos que o mesmo artigo dispón.

Sétima.- Interpretación do convenio

As controversias que puidesen xurdir na interpretación do presente convenio e a súa aplicación serán resoltas polo Consello Executivo da Axencia, de conformidade co disposto no artigo 10 dos estatutos da Axencia aprobados por Decreto 213/2007, de 31 de outubro.

E para que así conste, asinan o presente convenio de adhesión, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Polo Concello de Fene
O alcalde

Pola Axencia de Protección da
Legalidade Urbanística
A directora

Gumersindo Pedro Galego Feal

María Martínez Allegue

2º Publicar, unha vez aceptada a adhesión do Concello de Fene na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, anuncio da delegación en materia tributaria que establece a estipulación terceira, apartado 1, letras a) e b) do Convenio transcrito, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña tal e como esixe o artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, do texto refundido da lei de facendas locais.”

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que o seu grupo está a favor deste convenio de adhesión á Axencia de protección da legalidade urbanística, di que non lles parece o obxectivo final deste organismo, que foi creado polo anterior goberno bipartito da Xunta de Galicia pensando en Concellos pequenos e de pouca poboación que tivesen serias dificultades para aplicar a disciplina urbanística, que non se pensou inicialmente en casos coma o de Fene pero a realidade é que neste Concello os trámites de disciplina urbanística levan moitos anos sen atopar unha saída

efectiva, debido á propia situación interna do Concello e quizais polo atasco que existe no Concello, que a realidade é que con este convenio se ve unha porta para poder normalizar esta situación, para que aqueles veciños e veciñas de Fene que cumpren coa legalidade, que solicitan os seus permisos e que fan as súas obras de acordo coa legalidade, vexan recompensada a súa actuación e se protexa así esta labor. Di que si o Concello levase a cabo esta labor gañaría cartos, xa que este convenio suporá pagar algo máis de trescentos euros ao ano e se recadará o cincuenta por cento das sancións impostas no exercicio das disciplinas urbanísticas, sendo o outro cincuenta por cento para á Xunta de Galicia, e que se o Concello tramitase correctamente estes expedientes se podería quedar co cen por cento das sancións. Di que a realidade a día de hoxe é que case que non hai movemento neste aspecto e que o Concello case que non recada nada, que é mellor recadar o cincuenta por cento de algo que non recadar nada. Di que van votar a favor e rógalle ao goberno municipal para que exerza a súa responsabilidade e que procure, canto antes, poder normalizar a situación administrativa no Concello e poder aplicar esta normativa urbanística dende os servizos municipais.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que dende o BNG votan de menos unha explicación de porque o goberno municipal chega á conclusión de adherir o Concello á Axencia de protección da legalidade urbanística e que non se explicou neste Pleno cal é a razón que leva ao goberno a traer esta proposta. Di que as competencias en materia de urbanismo coma outorgar licenzas, a reposición de legalidade ou as infraccións urbanísticas corresponden ao Concello e non entende coma un goberno municipal dun Concello que ten plan de ordenación municipal dende 1975 e que está en proceso de facer a cuarta revisión, que ten Policía Local, técnicos municipais e persoal xurídico, reforzado dende hai pouco cunha praza de técnico de administración xeral, é dicir, que conta con estrutura funcional máis que suficiente para exercer estas competencias. Di que o seu grupo non comparte a delegación de funcións propias nun ente consorciado, que está pensando para outro tipo de concellos e situacións que non se corresponde co caso de Fene, que non precisa ningunha titoría legal, que ten competencia e capacidade para desenvolver o Plan de ordenación xeral e para repor a legalidade urbanística cando sexa necesaria, que no fondo o que se está a facer con esta proposta é desvincularse do que é unha capacidade sancionadora, é dicir, que de cara ao veciño o Concello non vai poñer multas, as vai poñer a Xunta de Galicia. Di que o convenio só afectará a solo de núcleos rurais, no que hai moi pouca actividade e polo tanto se solicitan poucas licenzas e a recadación vai seguir sendo case nula. Di que o seu grupo non comparte esta proposta e que dentro dun ano se verá en que situación está Fene, o número de expedientes tramitados e as recadacións que se pretenden facer. Di que en toda a provincia da Coruña hai dezaseis Concellos adheridos, sete entre cinco e dez mil habitantes e nove de menos de cinco mil habitantes, que comprende que Concellos como A Capela ou Cabanas estean adheridos, ou Concellos que teñen un plan de ordenación moi deficiente, anteriores ao ano noventa e nove ou incluso que estean rexidos por normas subsidiarias e que teñen serias dificultades de interpretación, que nestes casos si compartirían a sinatura dun convenio coma este, pero di que Fene non está nesta situación, polo que conclúe dicindo que non entende nin comparte esta proposta.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que esta é unha competencia que tería que exercer o Concello, aínda que tomar decisións sobre a legalidade urbanística non é grata politicamente, pero entende que sempre debería ser unha decisión do Concello e non da Xunta, con independencia das cantidades a recadar. Di que o seu voto vai ser a abstención.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que quere dar as grazas ao PSOE polo seu apoio a esta proposta

que cualifica de importante. Di que lamenta a falla de información que ten o voceiro do BNG por parte dos seus compañeiros que asisten á Comisión de Urbanismo, na que se deu conta a todos os grupos políticos como se procedería respecto deste convenio, que a explicación que se deu na Comisión é a mesma que se vai dar no Pleno e que a proposta motivase no caos que hai na Área de Urbanismo, na que xa se deixou claro que hai uns grandes profesionais e que se veu reforzada polo citado técnico de administración xeral, pero que tamén é certo é que hai moitos expedientes atascados dende fai moitos anos, expedientes non só da anterior lexislatura se non que tamén da anterior máis. Di que un aspecto moi importante do urbanismo son as infraccións urbanísticas, que o goberno xa deu conta de que debido a este plan de urbanismo que hai, Fene é un Concello ordenado urbanisticamente, que a maioría dos veciños teñen unha conciencia urbanística moi clara e piden licenza para todo tipo de actuacións, que non se trata de actuacións urbanísticas de gran calado, que preto do oitenta por cento das infraccións urbanísticas son falla de desbroce de fincas, recheos ilegais ou plantacións que non cumpren as medidas previstas pola Lei, que esta medida axudará a alixeirar a tramitación deste tipo de expedientes, que todas as denuncias anteriores á entrada en vixencia deste convenio, no caso de que se aprobe hoxe, se tramitarán polo Concello. Di en canto ás sancións, que non é unha prioridade deste goberno aumentar as arcas municipais deste xeito, pero si que é certo que as veces é politicamente negativo dicirlle a un veciño que se lle vai impor unha multa de trescentos euros por non limpar a súa finca, pero tamén hai que pensar no veciño que padece esa falta de limpeza, que ata o de agora neste Concello se tramitaban os expedientes de legalidade urbanística pero non se instruían os correspondentes expedientes sancionadores, polo que se o veciño atendía ao requirimento que fai o Concello se repoñía a legalidade urbanística e en caso contrario non se instruían expedientes sancionadores, o que explica que haxa tantos expedientes vivos e sen darlles ningunha solución. Di que este convenio se vai asinar por un ano, que existe a posibilidade de denuncia do convenio por parte de Fene, que as competencias se delegan e fronte as resolucións pola presunta infracción cabe interpor recurso de reposición ante este goberno. Di que con esta medida se intenta solucionar o problema das infraccións urbanísticas e alixeirar un pouco o traballo dos técnicos municipais.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que quere facer unha aclaración, que segundo o mencionado no punto segundo do convenio, só vai alixeirar o traballo dos técnicos de agora cara adiante, xa que o anterior correspóndelle resolvelo ao Concello, que a sinatura do convenio non vai solucionar ese atasco ao que se fixo alusión, que por iso o seu grupo non entende cal é a virtualidade desta proposta e como é denunciante dentro dun ano, xa se verá as virtualidades do convenio cando o goberno municipal dea conta del neste Pleno.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que xa explicou que o convenio evita a tramitación das futuras infraccións, que todo o anterior o vai tramitar Fene, que se vai depurar a Área de Urbanismo respecto ás infraccións urbanísticas e poder liquidar todo o antigo.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras de data 24 de xaneiro de 2012, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto, Serantes Painceiras, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa)

Votos en contra: cinco (5) (dos/as Sres/as Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo e Martínez Ardá)

Abstencións: unha (1) (da Sra. Martínez Rodríguez)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1º Aprobar o Convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e polo tanto integrar ao Concello de Fene neste ente público consorcial, segundo se establece no artigo 226.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, facultando expresamente ao alcalde para que proceda a súa sinatura en representación do Concello de Fene:

CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

En Santiago de Compostela, a ... de de dous mil

INTERVEÑEN:

Dunha parte, don Gumersindo Pedro Galego Feal, alcalde do Concello de Fene, provincia de A Coruña, en representación do concello, de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra parte, dona María Martínez Allegue, directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, en representación do ente público, de conformidade co disposto no artigo 18 dos Estatutos aprobados polo Decreto 213/2007, de 31 de outubro.

EXPOÑEN:

1º.- A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, no seu artigo 226, establece que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Así mesmo, establece que son membros da Axencia a Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela. A incorporación dos municipios realizarase a través do correspondente convenio de adhesión, que deberá obter a previa aprobación do Pleno da Corporación e do Consello da Xunta de Galicia e será publicado no Diario Oficial de Galicia.

Os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística foron aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de outubro, e publicados no Diario Oficial de Galicia núm. 222, de 16 de novembro.

2º.- O Concello de Fene ten atribuídas competencias en materia de disciplina urbanística, en virtude do disposto no artigo 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das

bases do réxime local, e nos artigos 209 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 10, determina que a Administración local e as demais Administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos e que procederá á coordinación das competencias das entidades locais entre si e, especialmente, coas das restantes Administracións públicas, cando as actividades ou os servizos locais transcendan o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os das devanditas Administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas.

O texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, no seu artigo 69, establece que as competencias compartidas ou concorrentes poderán ser exercidas conxuntamente pola Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma e a Local, mediante a constitución de entes instrumentais de carácter público ou privado.

3º.- En virtude do establecido nos artigos 222.2 e 226 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a Axencia exercerá as competencias que lle sexan delegadas polos concellos consorciados.

Neste senso, o artigo 9 dos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de outubro, dispón que a adhesión necesariamente producirá a atribución á Axencia das competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que correspondan ao municipio integrado voluntariamente na Axencia, nos supostos que determinan os artigos 209, 210 e 211 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, segundo se estableza no convenio de adhesión.

4º.- Este convenio de adhesión obtivo a previa aprobación do Pleno da Corporación municipal de Fene en sesión que tivo lugar en data .. de ... de, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade co disposto no 226.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e no artigo 215.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Así mesmo, obtivo a aprobación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de data ... de de, de conformidade co disposto no artigo 226.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Os intervenientes recoñecen mutua capacidade para o outorgamento do presente convenio de adhesión, de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Incorporación á Axencia

O Concello de Fene, Provincia de A Coruña, incorpórase e adhírese como membro da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, asumindo os dereitos e obrigacións que disto derivan, de conformidade co estipulado no presente convenio de adhesión e o establecido nos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007,

de 31 de outubro, e na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Segunda.- Delegación de competencias

1.- O Concello de Fene, delega na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística establecidas nos artigos 209, 210, 211 e 222 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunha das seguintes clases de solo:

Solo rústico ou non urbanizable en calquera das súas categorías (artigos 15 e 32 e disposición transitoria primeira, apartado 1.f), da Lei 9/2002).

Solo urbanizable ou apto para urbanizar, mentres non sexa aprobado o correspondente planeamento de desenvolvemento (artigo 14 e disposición transitoria primeira, apartado 1.d), da Lei 9/2002).

E núcleos rurais delimitados no planeamento urbanístico municipal (artigo 13 e disposición transitoria primeira, apartado 1.e), da Lei 9/2002).

A Axencia exercerá efectivamente estas competencias desde o día seguinte ao da publicación do convenio no Diario Oficial de Galicia.

2.- Nesta delegación de competencias non está incluída a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello.

3.- A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados pola Axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderalle ao concello. Para resolver o recurso deberá solicitarse informe da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Cando se reciba o escrito de interposición de recurso na Axencia, esta deberá remitirlllo ao concello co seu informe e unha copia completa e ordenada do expediente administrativo.

4.- A delegación de competencias poderá ser revogada en calquera momento polo Pleno da Corporación, coa maioría esixida no artigo 215.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia. A revogación será efectiva unha vez comunicada á dirección da Axencia e publicada no Diario Oficial de Galicia.

Terceira.- Contribución ao sostemento da Axencia

1.- O Concello de Fene contribuirá ao sostemento da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística coas seguintes achegas económicas:

a) o 50% do produto das multas coercitivas impostas pola Axencia para a execución das ordes de reposición da legalidade ditadas no exercicio das competencias delegadas polo Concello;

b) e o 50% do importe das sancións impostas pola Axencia aos responsables de infraccións urbanísticas, en exercicio das competencias delegadas polo Concello.

c) a cantidade anual de 50 euros por cada núcleo rural que que será transferida polo concello á conta xeral da axencia antes de enviar ao Diario Oficial de Galicia o anuncio de publicación do convenio.

2.- O importe das multas coercitivas e das sancións impostas pola Axencia en exercicio de competencias delegadas polo concello serán ingresadas polos suxeitos obrigados directamente na conta xeral da Axencia. No suposto de que non sexan aboadas en período voluntario, a Axencia solicitará da Consellería de Facenda o seu cobro pola vía de constrinximento.

Ao finalizar cada exercicio anual, a Axencia transferirá ao Concello de Fene unha cantidade equivalente ao 50% dos ingresos percibidos polas sancións impostas en exercicio das competencias delegadas.

Cuarta.- Obrigacións asumidas polo Concello

O Concello de Fene asume as seguintes obrigacións:

- prestar a cooperación e asistencia activa que a Axencia lle solicite para o eficaz exercicio das súas competencias;
- facilitar ao persoal da Axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións;
- prestar o auxilio da policía local para facilitar as inspeccións, executar as ordes de precinto de obras e identificar aos responsables de posibles infraccións;
- absterse de outorgar licenzas urbanísticas que impliquen a legalización de obras e usos do solo respecto dos que a Axencia ordenase a súa demolición, cesamento ou restauración da realidade física alterada;
- solicitar informe da Axencia previamente á resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas polo Concello;
- contribuír ao sostemento económico da Axencia nos termos establecidos no presente convenio de adhesión;
- e respectar as estipulacións do presente convenio e o establecido nos estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de outubro.

Quinta.- Programa de incorporación

A incorporación do concello á Axencia será efectiva desde o día seguinte ao de publicación deste convenio no Diario Oficial de Galicia.

Os expedientes relativos ás obras en execución nas materias que son obxecto de delegación deberán ser remitidos á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no prazo dun mes desde a data de entrada en vigor deste convenio.

Sexta.- Prazo de vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e o seu prazo de vixencia será indefinido.

A resolución do presente convenio producirase no suposto de que o Concello de Fene perda a condición de membro da Axencia por calquera das causas que se establecen no artigo 12 dos estatutos da Axencia e cos efectos que o mesmo artigo dispón.

Sétima.- Interpretación do convenio

As controversias que puidesen xurdir na interpretación do presente convenio e a súa aplicación serán resoltas polo Consello Executivo da Axencia, de conformidade co disposto no artigo 10 dos estatutos da Axencia aprobados por Decreto 213/2007, de 31 de outubro.

E para que así conste, asinan o presente convenio de adhesión, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

**Polo Concello de Fene
O alcalde**

**Pola Axencia de Protección da
Legalidade Urbanística
A directora**

Gumersindo Pedro Galego Feal

María Martínez Allegue

2º Publicar, unha vez aceptada a adhesión do Concello de Fene na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, anuncio da delegación en materia tributaria que establece a estipulación terceira, apartado 1, letras a) e b) do Convenio transcrito, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña tal e como esixe o artigo 7 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, do texto refundido da lei de facendas locais.

3. Aprobación, se procede, da delegación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil na Deputación Provincial da Coruña

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 25 de xaneiro de 2012, que copiado di:

“Ratificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data de 13 de xaneiro de 2011 relativo á delegación na Deputación Provincial de A Coruña das competencias de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de telefonía móbil con efectos desa mesma data elevándoo a definitivo.”

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que o seu grupo vai votar a favor, xa que na anterior lexislatura cando gobernaba o seu partido, tomaron a decisión de rematar a adxudicación á empresa que xestionaba a recadación de impostos e delegar na Deputación Provincial da Coruña a maior parte da recadación municipal, delegación que ten feita aproximadamente o noventa por cento dos Concellos da provincia. Di que pasado xa un tempo dende aquela delegación cualifica o resultado coma bo, que as cifras de recadación son positivas, que o prorrateo que a Deputación fai dos ingresos municipais permite ter un bo estado de tesourería ao longo do ano o que é beneficioso, polo que considera que o servizo está sendo positivo, co único problema de que lles gustaría que se volva prestar o servizo coa presenza de persoal da Deputación no Concello, coma se produciu o primeiro ano. Di que de acordo con todo isto votarán a favor desta proposta, para que se poida comezar a cobrar esta taxa, creada na

anterior etapa de goberno e que segundo as estimacións que había daquela podían reportar ao Concello aproximadamente uns sesenta mil euros anuais.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que o 13 de xaneiro de 2011 o Concello Pleno aprobou esta mesma delegación á Deputación baseándose en dúas cuestións, primeiro pola complexidade da situación, xa que as operadoras de telefonía móbil tiñan denunciada a ordenanza municipal, polo que Fene e outros Concellos da provincia fixeron a proposta de facer unha defensa conxunta a través dos servizos xurídicos da Deputación Provincial da Coruña e segundo, por se tratar dunha taxa que ten certa dificultade para ser recadada, polo que semella axeitado que preste o servizo a Deputación. Di que esas son as razóns polas que no seu día votaron a favor e son as mesmas que lle serven para esta proposta, que a taxa entra en vigor e espera que poida ter un carácter retroactivo e que se poidan falar de recadar dous o tres anos, que nestes momentos virían moi ben ás arcas municipais.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, di que cando algo funciona ben débese deixar así e sobre todo se isto supón unha recadación para o Concello, polo que di que vai votar a favor.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Juan José Franco Casal, quen unha vez concedido, manifesta que serán coherentes coa posición tomada hai un ano e polo tanto van votar a favor da proposta.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

Ratificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data de 13 de xaneiro de 2011 relativo á delegación na Deputación Provincial de A Coruña das competencias de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de telefonía móbil con efectos desa mesma data elevándoo a definitivo.

4. Aprobación, se procede, de acordo relativo o rexeitamento ao incremento do tipo de gravame do IBI.

Dáse conta do ver o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 25 de xaneiro de 2012, que copiado literalmente di:

“1. Manifestar o rexeitamento ao incremento do tipo de gravame do IBI que figura no RDL 20/2011 por se tratar dunha medida absolutamente inxusta que invade as competencias dos concellos e obriga a unha política impositiva onerosa para as economías da cidadanía.

2. Instar ao Goberno Central á retirada do incremento do IBI fixado polo RDL 20/2011.

3. Solicitar do Presidente da Xunta de Galiza a:

a. Instar do Goberno do Estado á retirada do incremento do IBI fixado no RDL 20/2011.

b. Instar do Goberno do Estado a proceder a unha reforma urxente do financiamento local, de tal xeito que se incremente a contía de participación nos ingresos do Estado por parte dos concellos e dita participación se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Tendo en conta nos criterios de reparto o maior custe dos servizos no noso país, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento da mesma.

c. Impulsar un Plan de Financiamento Local coa cesión de novos tributos e capacidade normativa sobre os mesmos, así como medidas para a mellora efectiva da loita contra a fraude fiscal.

4. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e portavocías dos grupos parlamentares do Parlamento galego.”

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que esta moción baséase no Real decreto aprobado polo goberno central que incrementa a contribución ao setenta por cento dos Concellos galegos do que Fene inclúese nesta subida cunha suba aproximada do seis por cento, subida que cualifica coma inxusta xa que grava exactamente igual aos Concellos que teñen ou non a fiscalidade ao día, que esta medida entra en auténtica contradición co que fixo o propio Concello de Fene no mes de novembro cando decidiu maioritariamente conxelar o conxunto das taxas e impostos do Concello, postura que mantivo o PP daquela alegando que non se debía nin subir o IPC, xa que se está nun momento de crise, polo que a suba do seis por cento que establece o Real decreto é moi superior a aquel IPC, que tampouco está de acordo en que se suba o IBI en Fene, xa que este imposto xa é suficientemente alto, que se trata dunha intromisión total na autonomía local. Di que o señor Rajoy non está a facer, aproveitando o inicio da lexislatura, aquilo que todos demandan que é unha reforma urxente do financiamento local, algo fundamental para que Concellos coma o de Fene teñan os recursos necesarios, en cambio se reduciron os salarios dos funcionarios, uns cento sesenta mil euros que foron para amortizar as débedas e agora se dá un incremento de outros cento sesenta mil euros aproximadamente recadados sobre as vivendas dos veciños e veciñas de Fene. por todo isto proponlle ao Pleno que adopte o acordo. A continuación procede a dar lectura á mocións presentada que copiada literalmente di:

“Manuel Polo Gundín, concellerio do BNG no concello de Fene presenta ao abeiro da lexislación vixente, a seguinte

MOCIÓN CONTRA A SUBA DO IMPOSTO DE BENS INMÓBEIS (IBI) DECIDIDA POLO GOBERNO DO ESTADO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno Central vén de aprobar o Real Decreto-Lei 20/2011, de medidas urxentes en materia orzamentaria, que inclúe o incremento do Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana (IBI).

Neste RDL, o Goberno Central do PP impón unha suba dos tipos de gravame do IBI, que non poderá ser inferior a 0,50 no 2012 e a 0,60 no 2013. E varía entre o 10%, 6% e 4%, en función da antigüidade da revisión catastral -antes de 2002 (10%), entre 2002 e 2004 (6%), e entre 2008 e 2011 (4%). Este incremento vai afectar gravemente aos concellos galegos, xa que son máis do 70% os concellos de Galiza que fixeron a súa última valoración catastral antes de 2002. En todos estes concellos, o incremento será do 10% do imposto e afectará á totalidade dos inmóbeis de uso residencial. Ademais haberá máis de 100 concellos nos que a suba suporá nos recibos do IBI un incremento do 50% en dous anos, xa que están aplicando o tipo mínimo fixado pola lei, e agora obrígaselles desde o Goberno Central a que o tipo non sexa inferior a 0,50 en 2012 e 0,60 en 2013.

A medida do goberno do PP no Estado vén botar por terra as previsións que adoptaron os concellos antes do 1 de xaneiro, en canto á actualización de taxas e impostos, que se fixeron

tendo en conta a situación económica municipal e dos seus habitantes, que agora veñen a sufrir este ano e o próximo unha nova e forte suba de impostos, acumulándose o incremento aprobado polo Goberno Central aos incrementos aprobados por moitos concellos para 2012. Isto supón indubidabelmente un ataque frontal á autonomía local, por ser os concellos os que teñen a posibilidade de fixar os tipos impositivos do IBI, véndose abocados a un incremento que vai repercutir gravemente na economía das familias e constituíndo unha medida do PP desde o goberno do Estado que despreza a competencia municipal de poder utilizar os seus mecanismos tributarios para xerar os ingresos necesarios para o correcto equilibrio das súas finanzas.

A medida adoptada polo goberno do Estado resulta, ademais de invasora das competencias locais, inoportuna e escapista das súas responsabilidades, porque escapa á necesidade dunha reforma urxente do financiamento local para incrementar a contía de participación nos ingresos do Estado (PIE) por parte dos concellos galegos, integrándoa plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza e aplicando criterios de reparto que teña en conta o maior custe dos servizos en Galiza, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento dos habitantes do noso país.

Pero, tamén, fronte a esta medida tan inxusta do Goberno Central, xunto co incremento da PIE e o recoñecemento de criterios específicos para Galiza, existe a alternativa de aumentar a capacidade financeira dos concellos coa cesión de novos tributos, dotar de maior eficacia á loita contra a fraude fiscal e por preservar que os concellos poidan decidir sobre os seus propios instrumentos tributarios para equilibrar os seus orzamentos, coa debida corresponsabilidade fiscal.

Diante desta grave medida que obriga a un incremento impositivo que prexudicará á cidadanía, cun grave impacto nas economías domésticas e que invade as competencias municipais, correspóndelle ao Goberno galego actuar para preservar a autonomía dos concellos galegos, e non optar polo silencio cómplice diante da inxusta imposición do Goberno Central.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento ao incremento do tipo de gravame do IBI que figura no RDL 20/2011 por se tratar dunha medida absolutamente inxusta que invade as competencias dos concellos e obriga a unha política impositiva onerosa para as economías da cidadanía.

2. Instar ao Goberno Central á retirada do incremento do IBI fixado polo RDL 20/2011.

3. Solicitar do Presidente da Xunta de Galiza a:

a. Instar do Goberno do Estado á retirada do incremento do IBI fixado no RDL 20/2011.

b. Instar do Goberno do Estado a proceder a unha reforma urxente do financiamento local, de tal xeito que se incremente a contía de participación nos ingresos do Estado por parte dos concellos e dita participación se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Tendo en conta nos criterios de reparto o maior custe dos servizos no noso país, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento da mesma.

c. Impulsar un Plan de Financiamento Local coa cesión de novos tributos e capacidade normativa sobre os mesmos, así como medidas para a mellora efectiva da loita contra a fraude fiscal.

4. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e portavocías dos grupos parlamentares do Parlamento galego.

Fene, 18 de xaneiro de 2012”

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que o seu grupo vai votar a favor porque comparten o fondo do exposto. Di que quizais unha suba do IBI non sexa o máis acertado para reactivar a economía deste país e axudar aos veciños e veciñas a poder saír da crise, ao igual que a recente suba de impostos, xa que entende que estas medidas van en contra da recuperación económica, que favorecen que a xente teña cada vez menos cartos nos petos e se consuma menos e que poderían entender unha suba de impostos progresiva destinada realmente á que a Administración teña máis cartos e así poder gastar máis, facer obra pública e contribuír á reactivación da economía, pero pensan que este suba do IBI non ten este obxectivo, senon que vai destinado a sacralización do déficit cero. Di que non comparten o espírito desta e das demais subas que fixo o goberno do Estado, que esta suba ademais afecta ao cen por cento dos cidadáns xa que son moitos os que teñen algún ben inmovible ou propiedade, polo que van votar a favor da moción.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que vai votar a favor da moción, polo dito polo voceiro do BNG de que fai pouco máis dun mes que se falou de conxelar as taxas coma consecuencia da crise actual que se está a vivir e que esta medida é totalmente contraditoria e que redundará nos máis desfavorecidos, que entenden que non é o momento desta suba e que polo tanto vai votar en contra da moción.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que van usar os argumentos do BNG para xustificar o voto do PP. Di que co gallo da conxelación das taxas que fixo Fene, era precisamente o BNG quen se queixaba de que non se subira polo menos o IPC, polo que o incremento deste imposto vai supor un alivio as arcas municipais. Di, respecto da contradición alegada pola voceira do grupo mixto, que a conxelación das taxas municipais foi unha medida do goberno municipal e a decisión da suba do IBI é unha medida do goberno do Estado, que entende que si se tomou a decisión de subir este imposto sería porque o goberno, antes de tomar posesión, non sabía as facturas que se ía atopar ao igual que lle pasou a este goberno municipal. Di que si se fai uso da hemeroteca hai que lembrar que o BNG no ano dous mil seis modificou a ordenanza do IBI que pasou do cero sesenta e dous ao cero sesenta e catro, sendo unha das máis elevadas da comarca, que supuxo que unha vivenda que tributara sobre sesenta mil euros tivera unha suba de case que oitenta euros. Di en canto á suba do IBI, que lembra que tamén repercutiu no valor catastral da vivenda, que Fene fixo esta revisión no ano dous mil catro, que foi efectivo no ano dous mil cinco, que daquela non afectou a Fene e que agora esta suba si que lle afecta. Di que por coherencia co dito o voto do seu grupo vai ser a abstención.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que no ano dous mil seis e moitas veces antes, incluso coa presión social en contra, o BNG subiu a contribución xa que é un dos recursos que ten o Concello, que ata agora era potestativo e que os Concellos tiñan unha certa marxe de manobra sobre o tipo a aplicar, que este Concello ten un tipo alto sobre este imposto, polo que non lle semella xusto que neste momento de crise se suba un seis por cento sobre ese tipo xa elevado, que é

o segundo máis alto da comarca tras de Narón. Di que hai que lembrar que Fene ten un tipo de ingresos elevado en base aos impostos municipais o que non quere dicir que esta suba que hoxe tratan aquí sexa correcta, que o lóxico sería que esta suba non existise e que cando se fixo a revisión das ordenanzas fiscais se fixera unha suba do IPC aos coches, a auga, ou demais taxas o impostos, política de desgravacións e bonificacións ás persoas que tivesen problemas económicos. Di que o seu grupo está a favor de gravar o IBI, pero que se pregunta porque o goberno non desenvolve outro tipo de impostos coma gravar as segundas residencias, as naves valeiras que hai nos polígonos para provocar o movemento e a reactivación económica e non les dá facilidades aos grandes propietarios inmobiliarios. Di que esta subida é inxusta, que nos Concellos menores nos que se aplica un tipo baixo a suba vai ser moi importante, que pode chegar a duplicar o recibo, que este non é o caso de Fene que xa ten un nivel elevado de tipo polo que non tiñan porque ter ningunha suba, que non é xusto que pagando entre douscentos ou catrocentos euros polas vivendas se sufra unha suba do seis por cento.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que é consciente de que a conxelación das taxas lle corresponde ao Concello e que esta suba lle corresponde ao goberno do Estado, pero este é o momento de dicirlle ao goberno de Mariano Rajoy que non, que isto non é posible.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que a voceira do grupo mixto dixo que era unha contradición a conxelación das taxas coa suba do impostos e di que non é unha contradición, que as taxas as conxela o goberno municipal e a suba do imposto a determina o goberno central.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras de data 25 de xaneiro de 2012, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa, Trigo Rey, Couto Sejjido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto e Serantes Panceiras)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1. Manifestar o rexeitamento ao incremento do tipo de gravame do IBI que figura no RDL 20/2011 por se tratar dunha medida absolutamente inxusta que invade as competencias dos concellos e obriga a unha política impositiva onerosa para as economías da cidadanía.

2. Instar ao Goberno Central á retirada do incremento do IBI fixado polo RDL 20/2011.

3. Solicitar do Presidente da Xunta de Galiza a:

a. Instar do Goberno do Estado á retirada do incremento do IBI fixado no RDL 20/2011.

b. Instar do Goberno do Estado a proceder a unha reforma urxente do financiamento local, de tal xeito que se incremente a contía de participación nos ingresos do Estado

por parte dos concellos e dita participación se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Tendo en conta nos criterios de reparto o maior custe dos servizos no noso país, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento da mesma.

c. Impulsar un Plan de Financiamento Local coa cesión de novos tributos e capacidade normativa sobre os mesmos, así como medidas para a mellora efectiva da loita contra a fraude fiscal.

4. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e portavocías dos grupos parlamentares do Parlamento galego.

5. Aprobación, se procede, de acordo relativo á asunción pola Xunta de Galicia do custe económico da remodelación da cociña do Centro da Terceira Idade de Fene e mantemento da praza de traballadora social.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade de data 30 de xaneiro de 2012, que copiado literalmente di:

“A Corporación Municipal de Fene acorda instar á Xunta de Galicia para que asuma o custe económico da remodelación da cociña do Centro de Terceira idade de Fene, que supón un presuposto de entre doce e catorce mil euros, así como manter a praza da Traballadora Social, imprescindible para un centro de maiores, e se absteña de conxelar as partidas presupostarias en materia social, como é o caso.”

De seguido intervén o alcalde que di que antes de entrar ao debate deste asunto quere pór en coñecemento do Pleno que hoxe mesmo o goberno municipal falou co Xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar que confirmou que o orzamento da reparación da cociña foi aceptado pola Consellería en Santiago, polo que se van adxudicar proximamente as obras, que descoñece a que empresa ou empresas, pero que polo Concello se facilitaron tres orzamentos á Xunta de Galicia e quedou confirmado polo Xefe territorial que o arranxo se vai levar a efecto. Di o alcalde que o tema da traballadora social se comentou coa Xunta de Galicia e a xustificación que se deu foi que hai duplicidade de servizos, que o Concello ten catro traballadoras sociais en base a subvencións da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial da Coruña e que se pretende evitar esta duplicidade na prestación do servizo. Dito isto, pregúntalle á voceira do grupo mixto se quere manter a moción ou ben si desexa retirala.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que a moción é conxunta do partido EU-IU e o PSOE e manifesta que queren manter a moción, neste mesmo sentido se manifesta a voceira do grupo mixto.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que tivo unha xuntanza co director do centro o día vinte e cinco de xaneiro e a explicación que lles deu foi que non tiña coñecemento de que se ía facer a reparación da cociña, que tiña varios orzamentos, que ían entre os doce e catorce mil euros, pero non lles dixo que tivese coñecemento de que iso estivese falado co grupo de goberno, que lles manifestou que a cociña era imprescindible para dinamizar o centro de novo, xerando así actividade na cafetería e poder ter uns horarios fixos. Respecto da traballadora social se lle informou que os usuarios que usan o centro lles é máis doado acudir ao centro e isto, xunto á confianza que xa teñen con esta traballadora social axuda moito ao seu labor. Que en Comisión o PP lles dixo que a súa postura era a de que as traballadoras sociais municipais eran suficientes para asumir todas as tarefas necesarias, polo que arranxado o problema da

cociña, insisten en que a traballadora social é necesaria e imprescindible para un centro desta condición.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que está totalmente de acordo co dito pola voceira do grupo mixto. Di que a moción é conxunta, asinada polos voceiros de ámbolos dous grupos e conta con rexistro de entrada no Concello. Di que propuxo manter a moción por varias cuestións, porque o centro da terceira idade ten máis problemas, que xa sufriu outros recortes, que estes son os problemas básicos que permiten a súa actividade ou o seu sentido. Di que coma é un pouco desconfiado, que se agora efectivamente se fai a cociña quere lembrar que se fai con tres anos de retraso, que o anterior goberno da Xunta tiña a cociña recoñecida e comprometida e a chegada do goberno do PP á Xunta de Galicia, supuxo a paralización desas obras e que iso se veu reflectido no funcionamento do centro. Respecto da traballadora social di que é sorprendente que na Comisión se diga que o seu traballo é prescindible e que as traballadoras municipais teñen tempo para asumir as funcións que viña facendo aquela, que as funcións que desenvolven as traballadoras sociais municipais son coñecidas por toda a Corporación, que non teñen tempo de sobra, que realmente teñen traballo e que o centro sociocomunitario da terceira idade de Fene debe seguir tendo traballadora social. Di que este centro tamén ten outros problemas, xa falados no Pleno, coma é a supresión do servizo de perruquería, o custe do prezo das actividades, o problema da coral para poder ensaiar no propio centro e demais, polo que roga ao goberno municipal que aproveite esa conexión política coa Xunta de Galicia para solventar estes outros problemas.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que van apoiar a moción, que non é unha moción nova, que dende o dous mil nove cando comezaron os problemas no centro esta é a segunda ou terceira moción no mesmo sentido e que o seu apoio é total, que non entenden a demora, que debe haber un apoio total o Pleno para solventar este problema, que se trata dun servizo básico, que Fene cada vez ten xente de maior idade, que a pirámide de poboación cada vez é máis invertida, polo que se fai necesario que este centro funcione ben, que estea ben dinamizado e que conte cunha boa infraestrutura e cun bo persoal.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que o tema da cociña é un tema que ven de vello, que ao respecto do dito polo voceiro do PSOE respecto do tempo que leva pendente de resolver este asunto quere recordarlle que aínda gobernando o bipartito na Xunta de Galicia houbo un Pleno bastante concorrido polos usuarios e usuarias do centro no que se lle solicitaba ao alcalde, que daquela era el, que se solicitase a construción da cociña ao que respondeu no seguinte Pleno que xa estaba todo feito, que é certo que o delegado territorial Diego Calvo, hoxe en día presidente da Deputación, tivo unha reunión no centro no que dixo que o anterior goberno bipartito non deixara consignada ningunha partida para a construción desta cociña e que o señor Puentes Rivera sempre fixo xestións de palabra e non por escrito. Di que por todo isto quere facer un pequeno resumo de todas as actuacións que fixo este goberno dende a súa toma de posesión, feitas tanto polo alcalde coma da concelleira de Servizos Sociais, que dende a toma de posesión sempre se estivo en contacto coa dirección do centro, cos usuarios a través dos seus representantes e co xefe provincial da Consellería de Traballo e Benestar, que a comunicación co presidente da coral, o señor Capdevila foi constante e fluída e que o goberno estivo informado en todo momento das actuacións realizadas pola coral, que no mes de outubro se reuniu co alcalde e se lle entregou copia do escrito dirixido ao xefe territorial da Consellería no que se expoñen as deficiencias, carencias e necesidades do centro. Di respecto do problema máis grave que é a construción da cociña a Consellería manifestou que era cuestión de tempo e de orzamento. Di que coa renuncia da concesionaria da cafetería ao final do ano a situación se agravou e con data doce de xaneiro de dous mil doce o alcalde

dirixiulle un correo electrónico á Secretaría Xeral de Política Social no que solicitou a súa intervención para a inmediata solución do problema, do que pasa a dar lectura e di que lle facilitarán copia do escrito a quen o solicite. Di que nos días seguintes o alcalde acudiu a unha asemblea de usuarios o xefe de servizo de prestacións e inclusións na que se avanzou na solución ao problema, que días despois se fixo unha reunión no centro cos representantes dos usuarios á que asistiu o director do centro, o xefe territorial da Consellería, o xefe de servizo de prestacións e o alcalde de Fene no que se concretan xa as distintas solución aos problemas formulados. Di que o día vinte e tres de xaneiro se remitiron á Consellería tres orzamentos para a construción da cociña do centro e se iniciou tamén a modificación das bases da concesión da cafetaría. Respecto da traballadora social di que é interina e non depende de ningunha residencia coma na maioría dos casos, que os postos de atención á dependencia a que se refire a moción se iniciaron xa na lexislatura anterior que se trataron de puntos informativos realizados por traballadores contratados temporalmente e que este sistema de información se deixou de prestar xa na lexislatura anterior, que agora se prosegue a información a través dos Concellos. Di que con isto quere deixar claro que o goberno tivo unha resposta efectiva respecto dos problemas do centro e por iso di a concelleiro que o seu grupo se vai abster.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que lle gusta a habilidade que ten a voceira do PP para votarlle a el as culpas do que non fixo o goberno do PP da Xunta de Galicia, que o dito pola voceira do grupo de goberno de que el fixo todo de palabra e nada por escrito cando foi alcalde di que este centro é da Xunta de Galicia, o paga a Xunta de Galicia e o Concello de Fene o único que ten que facer, e foi o que fixo, é reclamarlle á Xunta de Galicia que se solventen os problemas. Di que ao mellor o problema radica en que o goberno municipal lle mandou cartas á Xunta de Galicia en perfecto castelán e el llas mandou en galego, pero que non se diga que non se fixeron xestións cando os propios usuarios do centro lle acompañaron a el coma alcalde á Xunta de Galicia para falar precisamente con Diego Calvo cando era delegado provincial e daquela dixo que estaba todo feito, que en todo caso, lle parecía un pouco caro o proxecto e que ía intentar rebaixar un pouco os custes, que aquelas xestións deron naquela solución provisional do servizo de catering, e se sacou un prego para a concesión da cafetaría polo que se pedían seiscentos euros, polo que quedou obviamente deserto, e que en definitiva se foron dando pasos, pero nunca se conseguiu a instalación da cociña que era o fundamental, e que si agora se fai o celebrarán, non obstante e por se acaso, prefiren aprobar a moción para que lle chegue de novo á Consellería a presión do Concello e dos usuarios para solucionar estes problemas, pero non se lle pode votar a culpa ao Concello de que a cafetería non estea feita.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade de data 30 de xaneiro de 2012, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa, Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto e Serantes Panceiras)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

A Corporación Municipal de Fene acorda instar á Xunta de Galicia para que asuma o custe económico da remodelación da cociña do Centro de Terceira idade de Fene, que supón un presuposto de entre doce e catorce mil euros, así como manter a praza da Traballadora Social, imprescindible para un centro de maiores, e se absteña de conxelar as partidas presupostarias en materia social, como é o caso.

6. Aprobación, se procede, de acordo relativo á fixación da información periódica para o Pleno da Corporación.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 25 de xaneiro de 2012, que copiado di:

“Primeiro.- Que pola Intervención municipal se remita ó Pleno, por conducto da Alcaldía Presidencia, a información a que se refire a Regla 106 da Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade para la Administración Local, semestralmente nos Plenos ordinarios do mes de febreiro (información do 2ª semestre do exercicio anterior) e agosto (información do 1º semestre do exercicio).

Segundo.- O contido da información a suministrar conterá datos relativos a:

a) A execución de gastos do orzamento corrente.

A información sobre a execución do orzamento de gastos corrente porá de manifesto por cada partida orzamentaria, ó menos o importe correspondente a:

- Os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos.
- Os gastos comprometidos.
- As obrigas recoñecidas netas.
- Os pagos realizados.

b) A execución de ingresos do orzamento corrente.

A información sobre a execución do orzamento de ingresos corrente porá de manifesto para cada aplicación orzamentaria, ó menos o importe correspondente a:

- As previsións iniciais, modificacións e previsións definitivas.
- Os dereitos recoñecidos netos.
- A recadación neta.

c) Os movementos e situación da tesourería.”

Ao non haber debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

Primeiro.- Que pola Intervención municipal se remita ó Pleno, por conducto da Alcaldía Presidencia, a información a que se refire a Regla 106 da Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade para la Administración Local, semestralmente nos Plenos ordinarios do mes de febreiro (información do 2ª semestre do exercicio anterior) e agosto (información do 1º semestre do exercicio).

Segundo.- O contido da información a suministrar conterá datos relativos a:

a) A execución de gastos do orzamento corrente.

A información sobre a execución do orzamento de gastos corrente porá de manifesto por cada

partida orzamentaria, ó menos o importe correspondente a:

- Os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos.**

- Os gastos comprometidos.
- As obrigas recoñecidas netas.
- Os pagos realizados.

b) A execución de ingresos do orzamento corrente.

A información sobre a execución do orzamento de ingresos corrente porá de manifesto para cada aplicación orzamentaria, ó menos o importe correspondente a:

- As previsións iniciais, modificacións e previsións definitivas.
- Os dereitos recoñecidos netos.
- A recadación neta.

c) Os movementos e situación da tesourería.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1. Dación de conta do informe de Intervención e Tesourería correspondente ao 2º trimestre de 2011 sobre o cumprimento das previsións establecidas na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Dáse conta do informe de Intervención e Tesourería de data 25 de novembro de 2011 correspondente ao 2º trimestre de 2011, que transcrito literalmente di:

“INFORME DE INTERVENCION E TESOURERIA

Asunto: Informe de Intervención e Tesourería sobre o cumprimento das previsións establecidas na lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, relativo ó segundo trimestre do ano 2011.

I.Normativa.

- Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, regulador do rexime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

II.Informe.

Primeiro.- O artigo terceiro da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no seu apartado un, establece que se modifica o apartado 4 do artigo 200 da lei de contratos do sector público que pasa a ter a seguinte redacción:

“4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato, sin perjuicio del plazo especial establecido en el artículo 205.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días, los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29

de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Cuando no proceda la expedición de certificación de obra y la fecha de recibo de la factura o solicitud de pago equivalente se preste a duda o sea anterior a la recepción de las mercancías o a la prestación de los servicios, el plazo de treinta días se contará desde dicha fecha de recepción o prestación.”

En relación a este prazo de trinta días, o artigo terceiro da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, no seu apartado terceiro, indica o seguinte:

“(…)

Tres. Se añade una nueva disposición transitoria octava con la siguiente redacción:

“Disposición transitoria octava. Plazos a los que se refiere el artículo 200 de la Ley.

El plazo de treinta días a que se refiere el apartado 4 del artículo 200 de esta Ley, en la redacción dada por el artículo tercero de la Ley de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, se aplicará a partir del 1 de enero de 2013.

Desde la entrada en vigor de esta disposición y el 31 de diciembre de 2010 el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta y cinco días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2011 y el 31 de diciembre de 2011, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2012 y el 31 de diciembre de 2012, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cuarenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.””.

E por outra banda o artigo quinto, nos seus apartados 1, 2, e 3 da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, relativo ó rexistro de facturas nas Administracións Locais dispón que:

“Artículo quinto. Registro de facturas en las Administraciones Locales.

1. La Entidad Local dispondrá de un registro de todas las facturas y demás documentos emitidos por los contratistas a efectos de justificar las prestaciones realizadas por los mismos, cuya gestión corresponderá a la Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad.

2. Cualquier factura o documento justificativo emitido por los contratistas a cargo de la Entidad local, deberá ser objeto de anotación en el registro indicado en el apartado anterior con carácter previo a su remisión al órgano responsable de la obligación económica.

3. Transcurrido un mes desde la anotación en el registro de la factura o documento justificativo sin que el órgano gestor haya procedido a tramitar el oportuno expediente de reconocimiento de la obligación, derivado de la aprobación de la respectiva certificación de obra o acto administrativo de conformidad con la prestación realizada, la Intervención o el órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad requerirá a dicho órgano gestor para que justifique por escrito la falta de tramitación de dicho expediente.

(…)”.

Segundo.- O artigo cuarto da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, establece nos seus apartados 3, 4 e 5 que:

“(…)”

3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones Locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades Locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas.”

E a maiores o apartado 4 do artigo quinto da lei 15/2010, do 5 de xullo, dispón que:
“(...

4. La Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el artículo anterior, una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el citado registro y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos. El Pleno, en el plazo de 15 días contados desde el día de la reunión en la que tenga conocimiento de dicha información, publicará un informe agregado de la relación de facturas y documentos que se le hayan presentado agrupándolos según su estado de tramitación.”

Polo tanto en cumprimento do anteriormente disposto, e en virtude das competencias atribuídas polos artigos 4, 5 e 6 do R.D.1174/1987, do 18 de setembro, esta Intervención e Tesourería proceden a informar o seguinte:

1.- A información requerida relativa ó 2º trimestre do ano 2011, de conformidade co disposto na lei 15/2010, do 5 de xullo, e na “Guía para la elaboración de los informes trimestrales que las entidades locales han de remitir al Ministerio de Economía y Hacienda, en cumplimiento del artículo 4 de la Ley 15/2010, de 5 de julio”, extraeuse do programa de contabilidade municipal Ágora, e recóllese nos documentos que se adxuntan ó presente informe.

2.- De acordo coa normativa anteriormente exposta, lémbrese a obriga, recollida na lei 15/2010, do 5 de xullo, de remisión en todo caso do presente informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda (vía telemática a través da Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales, segundo indicación da Dirección General de coordinación financiera con las comunidades autónomas y con las entidades locales) e, ós órganos competentes da Xunta de Galicia que teñan atribuída, con arranxo ó Estatuto de Autonomía, a tutela financeira das Entidades locais, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local.

Este é o informe que emitimos, salvo erro ou omisión involuntaria na aplicación e/o interpretación da normativa aplicable, sen perxuízo de calquera outro mellor fundado en Dereito.

Fene, 25 de novembro de 2011.

A Interventora,

A Tesoureira,

Asdo.:Marta Roca Naveira.

Asdo.:M^a Ángeles Vivero Fresco.”

2. Dación de conta do informe de Intervención e Tesourería correspondente ao 3^o trimestre de 2011 sobre o cumprimento das previsións establecidas na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Dáse conta do informe de Intervención e Tesourería de data 28 de novembro de 2011 correspondente ao 3^o trimestre de 2011, que transcrito literalmente di:

“INFORME DE INTERVENCION E TESOURERIA

Asunto: Informe de Intervención e Tesourería sobre o cumprimento das previsións establecidas na lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, relativo ó terceiro trimestre do ano 2011.

I.Normativa.

-Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

-Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

-Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, regulador do rexime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

II.Informe.

Primeiro.- O artigo terceiro da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no seu apartado un, establece que se modifica o apartado 4 do artigo 200 da lei de contratos do sector público que pasa a ter a seguinte redacción:

“4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato, sin perjuicio del plazo especial establecido en el artículo 205.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días, los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Cuando no proceda la expedición de certificación de obra y la fecha de recibo de la factura o solicitud de pago equivalente se preste a duda o sea anterior a la recepción de las mercancías o a la prestación de los servicios, el plazo de treinta días se contará desde dicha fecha de recepción o prestación.”

En relación a este prazo de trinta días, o artigo terceiro da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, no seu apartado terceiro, indica o seguinte:

“(…)

Tres. Se añade una nueva disposición transitoria octava con la siguiente redacción:

“Disposición transitoria octava. Plazos a los que se refiere el artículo 200 de la Ley.

El plazo de treinta días a que se refiere el apartado 4 del artículo 200 de esta Ley, en la redacción dada por el artículo tercero de la Ley de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, se aplicará a partir del 1 de enero de 2013.

Desde la entrada en vigor de esta disposición y el 31 de diciembre de 2010 el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta y cinco días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2011 y el 31 de diciembre de 2011, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2012 y el 31 de diciembre de 2012, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cuarenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.””.

E por outra banda o artigo quinto, nos seus apartados 1, 2, e 3 da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, relativo ó rexistro de facturas nas Administracións Locais dispón que:

“Artículo quinto. Registro de facturas en las Administraciones Locales.

1. La Entidad Local dispondrá de un registro de todas las facturas y demás documentos emitidos por los contratistas a efectos de justificar las prestaciones realizadas por los mismos, cuya gestión corresponderá a la Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad.

2. Cualquier factura o documento justificativo emitido por los contratistas a cargo de la Entidad local, deberá ser objeto de anotación en el registro indicado en el apartado anterior con carácter previo a su remisión al órgano responsable de la obligación económica.

3. Transcurrido un mes desde la anotación en el registro de la factura o documento justificativo sin que el órgano gestor haya procedido a tramitar el oportuno expediente de reconocimiento de la obligación, derivado de la aprobación de la respectiva certificación de obra o acto administrativo de conformidad con la prestación realizada, la Intervención o el órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad requerirá a dicho órgano gestor para que justifique por escrito la falta de tramitación de dicho expediente.

(...)”.

Segundo.- O artigo cuarto da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, establece nos seus apartados 3, 4 e 5 que:

“(...

3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones Locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades Locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas.”

E a maiores o apartado 4 do artigo quinto da lei 15/2010, do 5 de xullo, dispón que:
“(…)

4. La Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el artículo anterior, una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el citado registro y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos. El Pleno, en el plazo de 15 días contados desde el día de la reunión en la que tenga conocimiento de dicha información, publicará un informe agregado de la relación de facturas y documentos que se le hayan presentado agrupándolos según su estado de tramitación.”

Polo tanto en cumprimento do anteriormente disposto, e en virtude das competencias atribuídas polos artigos 4, 5 e 6 do R.D.1174/1987, do 18 de setembro, esta Intervención e Tesourería proceden a informar o seguinte:

1.- A información requerida relativa ó 3º trimestre do ano 2011, de conformidade co disposto na lei 15/2010, do 5 de xullo, e na “Guía para la elaboración de los informes trimestrales que las entidades locales han de remitir al Ministerio de Economía y Hacienda, en cumplimiento del artículo 4 de la Ley 15/2010, de 5 de julio”, extraeuse do programa de contabilidade municipal Ágora, e recóllese nos documentos que se adxuntan ó presente informe.

2.- De acordo coa normativa anteriormente exposta, lémbrese a obriga, recollida na lei 15/2010, do 5 de xullo, de remisión en todo caso do presente informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda (vía telemática a través da Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales, segundo indicación da Dirección General de coordinación financiera con las comunidades autónomas y con las entidades locales) e, ós órganos competentes da Xunta de Galicia que teñan atribuída, con arranxo ó Estatuto de Autonomía, a tutela financeira das Entidades locais, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local.

Este é o informe que emitimos, salvo erro ou omisión involuntaria na aplicación e/o interpretación da normativa aplicable, sen perxuízo de calqueira outro mellor fundado en Dereito.

Fene, 28 de novembro de 2011.

A Interventora,
Asdo.:Marta Roca Naveira.

A Tesoureira,
Asdo.:Mª Ángeles Vivero Fresco.”

3. Dación de conta das resolucións da Alcaldía dende o número 989/2011 de 14 de novembro ata o número 1124/2011 de 21 de decembro de 2011

De seguido intervén o alcalde para dicir que houbo un erro na convocatoria do Pleno, xa que este punto é igual que o da convocatoria do Pleno anterior, polo que na vindeira sesión plenaria se dará conta das resolucións que terían que vir ao Pleno de hoxe e das seguintes.

4. Moción do BNG, previa ratificación da súa urxencia, contra a privatización e suba de tarifas das escolas infantís pertencentes á Xunta de Galicia.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que a urxencia da moción ven determinada porque non foi á Comisión e non se introduciu na orde do día correspondente Comisión por falla de votos suficientes, que consideran que é unha cuestión importante xa que estes días se está a producir o debate e que a Xunta de Galicia está tomando medidas neste sentido e Fene ten pendente unha segunda escola infantil polo que entenden que o Concello ten que tomar unha posición nesta cuestión.

Non habendo debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia deste asunto co resultado de que en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros presentes acórdase a súa inclusión na orde do día.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Rita María Couto Seijido, quen unha vez concedido, da lectura da moción que transcrita di:

“Manuel Polo Gundín, concelleiro do concello de Fene, presenta ao abeiro da lexislación vixente a seguinte;

MOCIÓN CONTRA A PRIVATIZACIÓN E SUBA DE TARIFAS DAS ESCOLAS INFANTÍS PERTENCENTES Á XUNTA DE GALIZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Servizos Sociais de Galiza establece proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral. Así, a ampliación e mellora das escolas infantís de 0 a 3 anos, como recurso educativo e de prestación de servizos ás familias galegas, contribúe ao desenvolvemento integral dos nenos e das nenas e a fomentar a corresponsabilidade e conciliación da vida laboral e familiar.

A construción dunha rede pública galega de centros de educación infantil de 0 a 3 anos, de calidade e en cooperación cos concellos, foi unha peza fundamental para o logro deste obxectivo, e con esta finalidade creouse no anterior goberno da Xunta de Galiza o Consorcio Galego da Igualdade e o Benestar, que consolidou e ampliou a rede de escolas infantís públicas.

Cando o goberno do PP tomou posesión había 85 Galescolas ou escolas infantís en funcionamento, dispoñendo de 3.942 prazas. Ademais había outras rematadas ou a piques de ser rematadas e unha boa cantidade delas coa tramitación iniciada ou licitadas. O goberno do PP retrasou a posta en funcionamento de moitas delas e incumpriu moitos protocolos e acordos establecidos con numerosos concellos para a construción de escolas infantís.

Agora o goberno do PP inicia a privatización pola vía de urxencia deste servizo público nas novas escolas infantís que abrirán proximamente e incrementa escandalosamente os prezos públicos a pagar polas familias usuarias das mesmas, sen ter en conta a delicada situación de moitas familias que agrava a actual crise económica, os recortes sociais e a política impositiva do PP.

Exemplo desta privatización que leva a cabo o PP é a que sofre a escola infantil de Monteporreiro, no concello de Pontevedra, e a anunciada licitación da xestión privada das escolas de Betanzos e Carballo.

Coa privatización desmantélase un servizo público para favorecer que determinadas empresas fagan negocio co ensino, afecta á necesaria corresponsabilidade entre homes e mulleres e tamén á conciliación da vida laboral e familiar, reducindo a calidade educativa nas escolas infantís e empeorando as condicións de traballo e o acceso en igualdade de condicións do persoal laboral que presta servizos nas mesmas.

Ademais, o goberno do PP aprobou o pasado día 19 de xaneiro un incremento pola atención educativa que pasa de 110 euros a 160 euros, que supón un incremento de case o 50% e un incremento do 112% do servizo de comedor, que pasa a máis do dobre, de 33 euros a 70 euros. O fan aplicando os incrementos no IPC que se produciron desde 2002. Inicialmente esta medida non ía afectar a familias con rendas inferiores aos 1.500 euros, mais agora o reducen até os 1.200 euros. Trátase dunha política do goberno do PP que repercute aínda máis o custe da crise económica nas maiorías sociais, nas mulleres e nas familias monoparentais.

Por riba, un servizo básico como é o comedor soporta a maior suba, a pesar de que todas as familias que levan aos seus fillos e fillas coincidindo cunha xornada laboral sempre precisarán deste servizo para poder conciliar a súa vida familiar e laboral.

Por outra parte, o goberno do PP eliminou o orzamento de 2,5 millóns de euros destinado aos concellos para o mantemento das escolas infantís municipais, o que obrigará a que os concellos teñan que aplicar estes incrementos ou outros superiores.

O PP degrada un servizo público fundamental para as familias e as persoas con fillos ou fillas, para favorecer o lucro privado e impedindo o servizo da escola infantil a moitas familias que o necesitan, contribuíndo a agravar a situación económica das persoas e das familias neste momento de crise.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Paralizar os procesos de privatización das escolas infantís.
2. Que calquera revisión dos prezos públicos da escola infantil non supere o IPC do ano 2011 e que se teña en conta a capacidade económica das familias ou das persoas que precisan este servizo.

Fene, 26 de xaneiro de 2012”

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que o seu grupo vai votar a favor da moción por entender que se trata dun ataque directo e grave a un servizo público esencial como é a rede de escolas públicas infantís de Galicia, que é certo que ao PP nunca lle gustou moito o modelo de escolas públicas que o atacou dende o seu nacemento, coa escusa de que se chamaban galescolas, que dende que goberna o PP practicamente non se ten aberto ningunha escola agás as que quedaban adxudicadas polo anterior goberno da Xunta de Galicia e que se paralizou a extensión da rede de escolas públicas. Di que lle parece grave, por que se algo teñen que favorecer as Administracións nestes momentos é a conciliación da vida familiar laboral e garantir o dereito a unha educación pública, gratuíta e de calidade dende as idades máis

tempranas, que é certo que as escolas infantís nunca foron de balde se non que se pagaron segundo o nivel de renda de cada familia pero o que non ten lóxica e que nestes momentos a Xunta decida incrementar as taxas destas escolas, que entenden que o que hai detrás é un intento de favorecer o ensino privado, igual que se fai coa escola privada nos demais niveis de educación, que os centros privados non están a pechar coma consecuencia das galescolas, agora galiñas azuis, xa que a demanda é superior á oferta e que Fene está a pelexar por conseguir unha segunda escola e aínda así, unha vez conseguida, seguro que a demanda segue a ser superior á oferta. Di que con medidas así non se pode queixar a Xunta de Galicia de que haxa pouca natalidade, da migración xuvenil e demais, e que non comparten este modelo.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que independentemente de como se chamen para ela é a gardería de toda a vida, que debe ser sempre pública, que se trata dunha suba desproporcionada, que se suprimiu a axuda de dous millóns e medio de euros para os colexios aínda que coma se ve na prensa, case que todos os días, os colexios concertados seguen a percibir axudas. Di que van apoiar a moción porque para EU a prioridade é apostar sempre polo público.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que dende o ano dous mil dous non se actualizou o IPC na taxa obxecto de debate, que este incremento supoñía un vinte e sete por cento, que non se vai aplicar, que a media de suba é dun dezanove por cento. Di que este novo Decreto presenta unha suba progresiva e solidaria para garantir a atención ás persoas que teñan menos recursos, e á inversa, vai permitir maiores aportacións por parte dos que máis teñen. Esta actualización de prezos é necesaria para garantir a viabilidade e poder prestar novas prazas, cousa na que están de acordo todos os partidos políticos. Di que actualmente a rede de escolas infantís de Galicia contan cunhas sete mil cincocentas prazas pero realmente o número de prazas de nenos de cero a tres anos mantidas polo goberno da Comunidade Autónoma con fondos públicos ascende a dezaseis mil seiscentas. Di que a principal novidade do Decreto é que as rendas familiares inferiores a mil cento noventa euros non terán ningún tipo de incremento, que a novidade está nas rendas maiores, antes non previstas, que son as que superen tres mil douscentos euros mensuais serán as que máis pagarán e é onde se produce a suba máis importante, que tamén hai que ter en conta que as rendas con mil cincocentos euros e un único fillo non se actualiza nin o IPC. Di que moitos dos gastos das garderías infantís son asumidas polos Concellos e esta suba vai permitir aliviar as arcas públicas, di que en canto á privatización do sistema que os modelos de xestión son decididos por cada goberno, que no caso de Fene non lle afectaría, xa que conta con persoal de seu e que o traballo que se esta a facer respecto da segunda escola infantil se pensa no mesmo tipo de explotación que a actual, que en Fene hai diversas instalacións que se explotaron a través de empresas privadas como é a piscina municipal, pistas polideportivas ou pavillóns, que se trata de decisións políticas de cada goberno que se toman en función da viabilidade en cada caso.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que non é comparable o mantemento dun pavillón coa educación dos nenos nas escolas infantís.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Rita María Couto Sejjido, quen unha vez concedido, manifesta que os gastos que asume o Concello respecto da escola infantil é dun terzo máis o mantemento. Di que en base á resposta da voceira do PP se pode deducir que coma este ano non se subiron as taxas municipais dentro de catro se poderán subir polo acumulado dos anos en que non se subiron.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que a subida das taxas do IPC neste Concello sería unha suba lineal que afectaría a todos e esta suba só afecta a un colectivo e presenta excepcións, así as persoas con maior nivel de renda van pagar máis.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria Moción do BNG contra a privatización e suba de tarifas das escolas infantís pertencentes á Xunta de Galicia, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa, Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: seis (6) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto e Serantes Panceiras)

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Instar á Xunta de Galiza a

1. Paralizar os procesos de privatización das escolas infantís.

2. Que calquera revisión dos prezos públicos da escola infantil non supere o IPC do ano 2011 e que se teña en conta a capacidade económica das familias ou das persoas que precisan este servizo.

5. Mocións

Non se presentan.

6. Rogos e preguntas

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, pregunta pola petición veciñal de rectificación de dirección única do camiño de Casanova, coñecido coma o camiño de Titola, que vai cara ó Sartego, e pregunta que pensa facer o goberno municipal e, en todo caso, roga para que mentres non se toma unha decisión se poda regular o tráfico no contorno da Casa da Cultura, e que incluso se estude a ordenación dos aparcamentos na zona xa que hai algúns vehículos que dificultan o tráfico. Pregunta respecto das direccións únicas se o goberno municipal ten pensado adoptar algunha decisión sobre si se vai poñer dirección única no contorno da praza da Escola en Perlío. Pregunta se coñecen o feito de que hai tres días que non funciona o alumeadado da baixada ao peirao de Maniños e pregunta se hai previsión de arranxo e cando se vai acometer. Pregunta si se adoptou algunha solución respecto da focha que hai na rúa Río Cádavo. Pregunta se o goberno municipal ten coñecemento dos fallos que está a dar a rede wifi, concretamente estes últimos días hai problemas coa conexión na praza do Concello. Roga que as zonas que teñen rede wifi para que se coloquen unhas pegatinas identificativas para que os veciños coñezan o servizo e os lugares nos que se pode utilizar e así poderlle sacar o máximo rendemento a este investimento. Pregúntalle á concelleira de Cultura si pensa levar os escritos recibidos e remitidos coma se lle pediu nos últimos Plenos e dar conta daqueles asuntos que se levan na

súa Área, tamén lle pregunta o criterio polo cal se vai organizar este ano o certame de novela Eduardo Blanco Amor cun desembolso económico importante para o Concello, pero que lle sorprende que se manteña esta actividade cando se alega que non hai cartos para outros servizos coma o transporte de autobús dos nenos do Casais ou do Ramo para ir á piscina municipal para facer natación escolar ou os recortes da cabalgata de reis ou o campionato galego de Judo que se viña facendo no pavillón da Xunqueira. Di que haberá que establecer prioridades e dende logo gastar cartos neste actividade lle parece menos importante que as actividades comentadas. Pregunta se coñecen que en San Valentín, nos bloques 9,10 e 6 se están producindo problemas de incrementos de tensión, que si ben é certo que é unha cuestión privada dos veciños coa compañía eléctrica, teñen a súa gravidade xa que provocou que se estropeasen varios electrodomésticos, polo que roga para que se medie neste asunto, ao igual que xa se fixera no pasado. En relación cos traballadores do mar na ría de Ferrol e a recente instalación da batea na ría, a apertura e peche de distintas zonas de marisqueo pregunta si se mantivo algún contacto coa Xunta para solucionar os problemas dos traballadores da Cofradía de Barallobre e si a Xunta respondeu algo. Pregunta se hai algunha novidade respecto da segunda escola infantil, prevista facela no Carril ou ben no colexio do Ramo. Pregunta polos cambios de responsable de compras no Concello. Di que tiveron coñecemento de que a Xunta de Galicia asinou un convenio coa FEGAMP para crear unha bolsa de vivenda en Galicia con aquelas vivendas privadas que non teñan saída neste momento para ofertar a un prezo máis reducido que cando eran vivenda libre, que Fene non ten este problema tan grave coma outros da comarca que ten moita vivenda valeira e pregunta se Fene ten pensado adherirse e si é así en que condicións. Di que na Comisión de Facenda preguntaron se existía a intención do Concello de Ferrol de subir o prezo da auga ao Concello de Fene ao que se lle contestou que non, que pasados só uns días o alcalde de Ferrol insiste en que quere subir o prezo da auga aos Concellos da Ría polo que pregunta se houbo algún contacto co Concello de Ferrol e algunha novidade ao respecto. Preguntalle ao goberno se xa ten cuantificado a cantidade que vai supor para o Concello o aprazamento da devolución das achegas do Estado ao Concello de Fene, que segundo o Ministro de Facenda sería un aprazamento por dez anos. Pregunta si xa se decidiron os camiños que se van incluír no PEIM de Medio Rural, si xa están cuantificadas as propostas e cales van ser. Pregunta se hai algunha novidade respecto do convenio asinado co Ministerio de Fomento para a ampliación do polígono Vilar do Colo e se non é así roga para que se fagan trámites ao respecto.

A continuación intervén o alcalde para responder dos problemas de tensión en San Valentín dicindo que coñecen eses problemas, que acudiron a unha inspección dun cableado mal instalado e que se mantivo contacto con Fenosa para que traten de arranxar a situación. Respecto dos traballadores da ría de Ferrol di que o día anterior estiveron na Cofradía de Barallobre e ten entendido que neste momento hai bastante fluidez coa Consellería do Mar, aínda que hai problemas coa batea e que os técnicos terán que dicir algo ao respecto. En relación coa segunda escola infantil di que el persoalmente estivo en Santiago onde lle dixeron que se está na mesma situación, á espera da achega de Madrid para decidir sobre a ubicación de varias escolas, entre elas a de aquí, que non se descarta o proxecto da escola do Carril nin a posibilidade do Ramo. En relación á bolsa de vivenda di que se porá en contacto coa FEGAMP para pedir información. En relación á suba do prezo da auga di que tal e coma dixo no último Pleno, non se ten coñecemento oficial de nada, que non houbo ningunha comunicación do Concello de Ferrol denunciando o convenio asinado dende o ano dous mil sete, que a postura que se vai tomar, se é o caso, é que hai asinado un convenio que prevé as actualizacións do prezo da auga e que un contrato non se pode variar pola vontade dunha das partes. En relación coa ampliación do polígono de Vilar do Colo di que non se tivo ningún contacto co Ministerio de Fomento, que logo de que se designen os novos cargos para estes organismos públicos a súa intención é viaxar a Madrid para isto e para cobrar os cartos que SEPES lle debe a este Concello pola venda de parcelas.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Alejandro Dopico Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta en relación coa dirección única do camiño de Casanova que xa se tratou en Comisión no mes de agosto, que se quedou en pedir un informe á Policía Local en base á petición duns veciños, que o sinal se colocou a mediados de decembro e se deu conta na Comisión, que dende aquela a dirección funciona normalmente, que a decisión se toma por un problema de seguridade e lembra o que dixo na Comisión no sentido de que entre oportunidade e seguridade optaría sempre por esta última. Di que é certo que se creou algunha molestia pero tamén se evitou moito tráfico, que o Plan contempla a apertura desa rúa pero que agora mesmo dedicar unha parte importante do orzamento a isto non se contempla, nin outras solucións coma a de colocar semáforos. Di que pensa que esta solución vai seguir, que falou coa Policía e o tráfico funciona correctamente, que de todo isto xa se falou na Comisión, así coma a regulación do tráfico na zona de Perlío, do que se deu o estudo feito aos representantes dos grupos, que non se puido facer antes por problemas de persoal e por que non chegaran as sinais para as colocar, e que reitera que se falou en Comisión. Respecto do alumeadado di que é certo que leva dous días sen funcionar coma consecuencia das obras da EDAR e que hoxe quedará solventado. Respecto do funcionamento da rede wifi é certo que hai algún fallo, que se deu conta na Comisión e que é certo que hai problemas, que tan pronto se coñecen se dá aviso á empresa.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que respecto das direccións únicas entende que a de Perlío se vai facer coma se dixo e tamén a da rúa Tellerías, xa que foron faladas en Comisión e estaban contempladas na memoria do orzamento.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Alejandro Dopico Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que é certo que constan no orzamento e que se estudarán.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro José Andrés Serantes Panceiras, quen unha vez concedido, manifesta respecto da folia do Río Cádavo di que foi arranxado hoxe pola mañá, que se tivo que abrir, cambiar a tubaría que estaba rota e en dez ou quince días, así que repise a zona, rematarán a obra. Respecto dos camiños a integrar no PEIM di que van entrar dous en Marraxón, en San Marcos Curveira e Coto do Rei e o Camiño do Lareiro, en Limodre se vai facer o camiño da Areosa e en Barallobre dúas actuacións, o camiño da Pomba e Romariz.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que en relación coa dación de contas de solicitudes e escritos que se reciben no Departamento de Cultura di que os levará a vindeiras Comisións. Di en relación co premio do concurso de poesía Eduardo Blanco Amor que é un concurso moi importante no que participan moitos Concellos coma o de Santiago de Compostela, que Fene sempre estivo moi implicado nel, que incluso se adoptou un acordo plenario co obxecto de sumarse á organización do premio que non foi aceptado pola organización e que agora si se logrou participar e que suporá un custe para o Concello de aproximadamente uns seis mil euros que saíran da partida de Cultura, que nas actividades deportivas e culturais do Nadal se aforraron cartos, que antes se gastaban uns oito mil euros e agora se viñeron facendo sobre uns tres mil euros, que se ofreceron máis actividades e con maior participación, que se ten a colaboración das sociedades e das asociacións de Fene, que tamén están a levar algún tipo de subvención, que o Concello lles está a solicitar maior participación e cualifica esta coma moi boa, tanto que permite non ter que contratar determinados servizos. Di que esta é a oitava edición do concurso e que esperan unha gran participación, que se está comezando a enviar saúdas do alcalde para lograr unha maior participación doutras entidades e rebaixar deste modo a aportación do Concello, que Fene tamén conta cun concurso importante que é o

Pérez Parallé e contan co apoio dos escritores que participan nel, di que dende a Comisión de Cultura e dende todas as forzas políticas que gobernaron Fene sempre se intentou que as Letras Galegas se centrasen un ano nesta figura tan importante e creen que participar neste concurso que é un bo investimento que pode impulsar este obxectivo, que non supón ningún aumento do orzamento nin supón ningún recorte doutras actividades. En relación cos gastos do autobús para a piscina di que supón un gasto moi grande, que aínda se están a pagar facturas do ano anterior, que ela lle dixo as escolas que o actual orzamento naceu en agosto, xa case que esgotado, que co novo orzamento se pode estudar si se pode afrontar. En canto as compras municipais as levaba exclusivamente unha persoa que tivo un cambio de funcións e manifestou que prefería non seguir a levar as compras polo que se fixo unha distribución desta tarefa á Área de Cultura, Área que cualifica coma de moi participativa e colaboradora.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que hai días que pediron información relativa en relación á colocación da sinal tan polémica e aínda non a recibiron, polo que roga que se lle entregue dita información. Di que na Comisión o seu grupo xa advertiu que esta medida ía supor para a circulación ter que dar un gran rodeo e hoxe en día xa se están a ver os problemas no Contorno da Casa da Cultura onde se acumula máis tráfico e que cando coincide con algunha actividade hai dificultades, que é certo que a rede interna de estradas do Concello en moitos casos, coma este, está formada por camiños estreitos e a colocación de direccións dificulta moito a mobilidade e á seguridade, polo que roga para que se faga un estudo máis exhaustivo deste asunto. Roga que se retiren dous codos que levan moito tempo arrimados na Matadora. Roga que se retiren os vehículos abandonados no Concello, que hai varios vehículos nas zonas urbanas de San Valentín e Perlío e tamén roga que se retiren os alcorques das árbores cortadas recentemente. Pregunta porque se devolveu unha subvención de dez mil cincocentos euros e recorda que xa o preguntou no Pleno anterior. Pregunta porque a biblioteca estivo pechada o vinte e nove de xaneiro, cousa que xa preguntaron tamén por escrito. Pregunta polo motivo de que se recolla o lixo pola tarde. Quere saber que custo tivo o anuncio especial dedicado a Manuel Fraga na Voz de Galicia e quere preguntar se hai algunha información sobre o Punto Limpo, que segundo a prensa xa estaba adxudicada hai meses.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Inés Roca Requeijo, quen unha vez concedido, manifesta que en data vinte e nove de decembro o seu grupo presentou un escrito no que preguntaba e solicitaba resposta por escrito sobre o alumeado de Nadal na parroquia de Maniños, di que na Comisión houbo algunha explicación pero coma segue a haber diferenzas entre as explicacións e o sucedido, o día vinte e tres de xaneiro volveron presentar o escrito polo que roga que á maior brevidade se lle conteste por escrito. Roga que se arranxen algúns camiños que se atopan en mal estado. Roga respecto aos concelleiros que acoden á Comisión de Urbanismo e en relación ao tema do Camiño da Casavella di que dixeron que a dirección única podía estar ben pero que se estudara ben polos posibles problemas que podía xerar unha decisión coma esa e que acto seguido se procedeu a colocar o sinal.

De seguido intervén o alcalde que di que toman nota dos rogos e respecto da colocación do sinal di que a medida pode provocar algún rodeo, coma sucede en outros lugares do Concello, pero que en aras da seguridade ás veces hai que sacrificar a comodidade. Di que se estudará o tema dos vehículos abandonados e respecto dos alcorques o concelleiro de Servizos está traballando o tema e se vai facer axiña. En relación coa devolución da subvención di que na propia Resolución na que se resolve a devolución se dá conta do motivo da devolución, que no obstante o contestarán por escrito. Respecto do anuncio da Voz de Galicia di que o encargou el mesmo e que o custe foi de douscentos cincuenta euros. En relación co Punto Limpo si chegou unha información de aprazamento da licitación e se requiriu unha información

que xa se enviara, que espera que no primeiro semestre deste ano poidan comezar as obras. En relación ao rogo de contestar por escrito o asunto do alumeado de Nadal di que está para saír, que xa o teñen feito e que o recibirán estes días.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que o vinte e nove de xaneiro de dous mil doce a biblioteca permaneceu pechada pola tarde por un imprevisto de última hora, di que ela mesma estivo alí e falou cos usuarios, que se habilitou unha sala de estudo para os usuarios habituais, se recolleron os libros emprestados e se ofreceu abrir a biblioteca para recoller novos libros á vez que se pediu desculpas por este incidente, que quere deixar claro que a organización de todo o Departamento de Cultura é responsable ela, que a coordinación, permisos e vacacións de todo o persoal dependen dela, aínda que a súa sinatura non apareza en ningunha parte, que asume este erro e pide desculpas por dito peche.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro José Andrés Serantes Panceiras, quen unha vez concedido, manifesta que en relación coa recollida de lixo di que leva meses traballando mañá e tarde xa que hai cuestión dun mes se estropeou o camiión pequeno que tivo un problema de motor e agora se está a arranxar o elevador dos colectores do camiión grande, que incluso hoxe lle dixo ao servizo que ao mellor había que traballar pola noite xa que a planta de recollida de lixo tivo un problema e houbo que esperar tres horas para poder baleirar.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Juan José Franco Casal, quen unha vez concedido, manifesta que respecto das devolucións das achegas ao Estado di que de xeito provisional ten a previsión que será duns trinta mil euros, xa que de momento non hai nada publicado de xeito oficial.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que quere preguntar se xa están solucionados os problemas que houbo de vertidos incontrolados. Roga que se faga un estudo do paso de peatóns que hai na Avenida Naturais, fronte ao supermercado Gadis, que polas noites ten pouca visibilidade. Pregunta polo custe que se vai dedicar aos carnavais. Pregunta polo tema dos rebacheos dos camiións. En relación coa escola infantil di que recibiu queixas no sentido de que dende que a directora está de baixa médica e o persoal é insuficiente e roga se fagan algunha xestión neste sentido. Roga para que a documentación dos expedientes das Comisións Informativas e dos Plenos se poida enviar por correo electrónico para evitar entorpecer ao persoal municipal e aforrar o custe das fotocopias e de papel.

O alcalde intervén para dicir que toman nota dos rogos.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que segundo o dito na Comisión se está a facer unha inspección por parte de persoal do Concello e incoando os correspondentes expedientes por infraccións urbanísticas en busca da solución. Respecto do custe dos carnavais di que aínda non pode facilitar este dato, xa que non está totalmente pechado, que falla resolver o tema do presentador do acto e o custe do xenerador de electricidade, que cando teña o dato llo facilitará.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro José Andrés Serantes Panceiras, quen unha vez concedido, manifesta que o arranxo de camiións se está facendo, que as condicións climatolóxicas non son as máis idóneas polo que hai que facelo pouco a pouco.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión ás 20:10 horas do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto na presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Visto e praxe,
O alcalde-presidente

O secretario,

Gumersindo Pedro Galego Feal

Jesús Tallón García